

ACORDO POLO QUE SE RESOLVEN AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS, NO SEU CASO, FRONTE Á LISTA PROVISIONAL, DE 8 DE FEBREIRO DE 2022, DE ADXUDICATARIOS E DE ESPERA, EN SEGUNDAS OU POSTERIORES ADXUDICACIÓNS, DUNHA VIVENDA DE PROMOCIÓN PÚBLICA, CUALIFICADA EN BARRIO HISTÓRICO, SITUADA NA PRAZA MAIOR, NÚM. 7, DO BARCO DE VALDEORRAS (EXPEDIENTE OU-2008/NR-05), ASÍ COMO DE CALQUERA OUTRA VIVENDA DESTE GRUPO QUE QUEDARA EN SITUACIÓN DE VACANTE DURANTE O PERIODO DE VIXENCIA DA LISTA DE ESTERA; E APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA.

Unha vez transcorrido o prazo habilitado para iso, conséntase que non se formulou ningunha reclamación fronte á mencionada lista provisional.

De seguido a comisión de valoración, en cumprimento do preceptuado no artigo 25 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, pasou a examinar os expedientes relativos ós compoñentes da lista provisional existentes no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

E, logo de examinar a documentación que obra nesta Comisión Provincial de Vivenda, esta, por unanimidade dos seus membros presentes,

A C O R D A

1. Excluir da lista de adxudicatarios e de espera a Coraima Larralde Rodríguez (credencial 86960) e a Francisco José Alves Rodríguez (credencial 84142), por non reunir os requisitos esixidos para seren adxudicatarios da vivenda descrita.

2. Por conseguinte, ó teren sido excluídas da lista de adxudicatarios as dúas persoas indicadas no parágrafo anterior que, ademais, eran os únicos compoñentes da devandita lista, declarar esta deserta.

3. Publicar esta resolución na páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo, no taboleiro de anuncios da Área Provincial de Ourense, e no taboleiro de anuncios do Concello do Barco de Valdeorras.

Ourense, 26 de maio de 2022

A presidenta da Comisión Provincial de Vivenda

Victoria Núñez López
(*sinatura electrónica á marxe*)

